

CRITERIOS ESPECÍFICOS PARA O ENVÍO DE OBSERVACIÓNS AO ANUARIO DAS AVES DE GALICIA (AAG). Revisión 2005

José A. de Souza, Antonio Sandoval e Luis J. Salaverri.

Coa colaboración de Miguel Conde, José Guitián,

Alberto Monteagudo e Cosme D. Romay

Introdución

Na táboa exposta máis abaixo só se relacionan aquelas especies que teñen estado presentes en Galicia durante a última década en calidade de nidificantes probables ou seguras (incluíndo as de distribución marxinal e efectivos mínimos) e como invernantes probables ou seguras, e para as que se considera de especial interese o envío de todas as observacións dispoñibles (“todas as citas”) ao Anuario das Aves de Galicia (AAG). Este interese radica no seu grado de escaseza ou de rareza, na súa situación de franco declive ou na súa singularidade ecolóxica ou bioxeográfica. Obsérvese que para algunhas especies só interesan todas as citas provenientes de parte da súa área de distribución ou de parte do seu ciclo anual.

Para as especies comúns non recollidas na táboa interesan datos de interese xeral, como censos completos, concentracións importantes, datos fenolóxicos, etcétera (“censos ou observacións de interese”; cf. De Souza, 1998).

Para as especies xenuinamente raras, incluíndo as probablemente extintas como nidificantes, así como para as asilvestradas ou fuxidas e para as subespecies raras de especies comúns en Galicia, interesan todas as citas. Estes taxons non foron recollidos na táboa.

A “área de cría habitual” refírese á indicada nos atlas recentes (v. gr., Atlas de las Aves Reproductoras de España, 2003; Guía das Aves de Galicia, 2004) ou, no seu caso, noutras fontes bibliográficas axeitadas (volumes anteriores do AAG, actas do Congreso Galego de Ornitoloxía, artigos en revistas científicas).

Información de interese

En termos xerais, e en particular para as especies consideradas comúns, consideraranse de interese os seguintes tipos de información: (1) concentracións importantes/cifras de interese en poboacións non nidificantes; (2) censos de reprodutores; (3) datos de fenoloxía da migración (primeiras chegadas, etcétera); (4) localidades de interese/colonizacións e extincións locais; (5) datos de bioloxía reprodutiva en seguimentos específicos; (6) rexistros estivais de invernantes; (7) rexistros invernaís de aves estivais; (8) comportamentos infrecuentes; (9) rexistros relativos a plumaxes, mudas e individuos anómalos ou infrecuentes; (10) proporcións de sexos ou de clases de idade. Recoméndase a lectura dos criterios

vixentes hasta a data [De Souza, 1998: IV AAG (1996), páxs. 17-44] para unha mellor comprensión dos contidos dos diferentes tipos de información.

No caso de terse producido a observación dunha especie ou subespecie considerada "rareza" polo Comité de Rarezas de SEO/BirdLife, e que esta teña sido remitida para a súa homologación ao citado Comité, prégase o envío ao AAG dunha copia da descrición e/ou fotografía remitida, así como copia da comunicación do Comité informando ao observador da homologación ou non homologación da observación. No caso de non terse cursado a observación ao Comité de Rarezas de SEO/BirdLife, deberá indicarse claramente este extremo. Calquera destas circunstancias figurará no AAG xunto á cita. Recórdase a todos os colaboradores do AAG a importancia de comunicar ao Comité de Rarezas de SEO/BirdLife a observación destas especies ou subespecies. Así mesmo, sería desexable que, no que se refire a especies raras en Galicia aínda que non raras noutras áreas españolas (véxase, por exemplo, De Souza *et al.*, 1998; Romay Cousido, 2004), o observador enviase ao AAG unha descrición ou fotografía do individuo observado.

Para algunhas especies de elevado interese pero con frecuentes observacións en parte da súa área de distribución (v. gr., *Calidris canutus*, *Pyrrhocorax pyrrhocorax*), recoméndase que, de se dispoñer de **censos completos ou mostraxes periódicas en áreas concretas** (en seguimentos continuados), as observacións sexan presentadas de forma resumida, incluíndo polo menos a media aritmética ou mediana dos individuos censados, os recontos máximo e mínimo dentro do período de observación e o número total de censos ou mostraxes levadas a cabo. Este mesmo tratamento é extensible ás especies comúns, suxeríndose que, no caso de realizárense censos con regularidade nunha mesma localidade, se indiquen as medias aritméticas, o no seu caso as medianas, e os valores máximos e mínimos decenais, quincenais ou mensuais dos censos ou taxas de paso (nº aves/hora), dependendo da dispoñibilidade de datos, así como os tamaños de mostra (número de **censos completos o mostraxes en áreas concretas**) nos que se basean estes resultados. Tal información podería ser presentada mediante diagramas ou, preferiblemente, en forma tabulada. Non obstante, tamén se anima aos colaboradores a remitir ao AAG notas máis extensas, incluíndo breves comentarios, sobre a evolución numérica de poboacións concretas [a modo de exemplo véxase Salaverri, 2003: VIII AAG (2000), páxs. 33-34].

Para as especies reprodutoras, e en particular para aquelas que parecen estar sufrindo un retroceso poboacional e areal (v. gr., *Falco tinnunculus* ou *Lullula arborea* na franxa costeira), interesan todas as citas que completen a información recollida no Atlas de las Aves Reprodutoras de España (2003): cría dunha especie nunha cuadrícula onde non se cita ou dáse só como posible, desaparición confirmada dunha especie como reprodutora nunha cuadrícula (para o caso especial de especies moi ben coñecidas e de distribución moi localizada ou hábitos coloniais), etcétera. Así mesmo, e como norma xeral, son de grande interese as confirmacións de cría das especies reprodutoras incluídas na táboa, aínda gardando a confidencialidade axeitada, de ser o caso.

A constatación da extinción dunha determinada especie nunha localidade ou área concretas debe reservarse para aquelas especies ben coñecidas ou sometidas a seguimento específico regular, de distribución puntual ou moi localizada ou de nidificación colonial, en localidades prospectadas de maneira detallada, continuada e regular, para as que non haxa dúbida razoable da súa desaparición como nidificantes durante un período de varios anos ou xeracións. Tendo en conta as consideracións anteriores, e como criterio aproximado, ningunha especie debería ser cualificada de extinta a non ser que a súa ausencia fose repetidamente comprobada ao longo do maior dos seguintes períodos: un mínimo de 10 anos ou tres xeracións.

ESPECIE	CRITERIO/S
<i>Gavia stellata</i>	Todas as citas.
<i>Gavia arctica</i>	Todas as citas.
<i>Gavia immer</i>	Todas as citas.
<i>Tachybaptus ruficollis</i>	Todas as citas: (1) zonas de cría novas; (2) recolonizacións e extincións; (3) rexistros primaverais/estivais con sospeita de cría fóra da área de cría habitual; (4) concentracións posnupciais de muda. Dentro da súa área de distribución coñecida: censos ou observacións de interese.
<i>Podiceps cristatus</i>	Todas as citas: rexistros fóra das súas zonas habituais de cría e invernada na provincia de Ourense. Dentro da súa área de distribución coñecida: censos ou observacións de interese.
<i>Podiceps nigricollis</i>	Todas as citas.
<i>Fulmarus glacialis</i>	Todas as citas.
<i>Calonectris diomedea</i>	Entre primeiros de novembro e mediados de abril: todas as citas Entre mediados de abril e finais de outubro: censos ou observacións de interese.
<i>Puffinus gravis</i>	Todas as citas.
<i>Puffinus griseus</i>	Todas as citas.
<i>Puffinus puffinus</i>	Entre primeiros de agosto e finais de outubro: censos ou observacións de interese. Entre primeiros de novembro e finais de xullo: todas as citas.
<i>Puffinus mauretanicus</i>	Todas as citas.
<i>Hydrobates pelagicus</i>	Todas as citas.
<i>Oceanodroma leucorhoa</i>	Todas as citas
<i>Phalacrocorax aristotelis</i>	Todas as citas: (1) colonias novas ou recentes; (2) recolonizacións e extincións; (3) rexistros primaverais fóra da área de cría habitual; (4) concentracións non nidificantes fóra da área de cría habitual. Dentro da súa área de cría habitual: censos ou observacións de interese.
<i>Ixobrychus minutus</i>	Todas as citas.

<i>Ardea purpurea</i>	Todas as citas.
<i>Ciconia ciconia</i>	Fóra da súa área de cría habitual: todas as citas. Dentro da súa área de cría habitual: censos ou observacións de interese.
<i>Platalea leucorodia</i>	Na enseada do Grove: censos ou observacións de interese. Resto de Galicia: todas as citas.
<i>Anser anser</i>	Todas as citas.
<i>Branta bernicla</i>	Todas as citas.
<i>Anas strepera</i>	Poboación nidificante e rexistros entre primeiros de abril e finais de xullo: todas as citas. Resto do ano: censos ou observacións de interese.
<i>Anas crecca</i>	Poboación nidificante e rexistros entre primeiros de abril e finais de xullo: todas as citas. Resto do ano: censos ou observacións de interese.
<i>Anas querquedula</i>	Todas as citas.
<i>Netta rufina</i>	Todas as citas.
<i>Aythya ferina</i>	Entre primeiros de abril e finais de xullo: todas as citas. Resto do ano: censos ou observacións de interese.
<i>Aythya fuligula</i>	Entre primeiros de abril e finais de xullo: todas as citas. Resto do ano: censos ou observacións de interese.
<i>Aythya marila</i>	Todas as citas.
<i>Clangula hyemalis</i>	Todas as citas.
<i>Melanitta fusca</i>	Todas as citas.
<i>Bucephala clangula</i>	Todas as citas.
<i>Mergus serrator</i>	Na ría de Arousa: censos ou observacións de interese. Resto de Galicia: todas as citas.
<i>Pernis apivorus</i>	Todas as citas.
<i>Milvus migrans</i>	Fóra da súa área de cría habitual: todas as citas. Dentro da súa área de cría habitual: censos ou observacións de interese.
<i>Circaetus gallicus</i>	Todas as citas.
<i>Circus aeruginosus</i>	Todas as citas.
<i>Circus cyaneus</i>	Todas as citas.

<i>Circus pygargus</i>	Fóra da súa área de cría habitual: todas as citas. Dentro da súa área de cría habitual: censos ou observacións de interese.
<i>Accipiter gentilis</i>	Todas as confirmacións de cría.
<i>Accipiter nisus</i>	Todas as confirmacións de cría.
<i>Aquila chrysaetos</i>	Todas as citas.
<i>Hieraaetus pennatus</i>	Todas as citas.
<i>Pandion haliaetus</i>	Todas as citas.
<i>Falco tinnunculus</i>	Na franxa costeira: todas as citas, agás das áreas nas que a especie aínda sexa común, das que interesan todas as confirmacións de cría. No resto de Galicia: censos ou observacións de interese.
<i>Falco columbarius</i>	Todas as citas.
<i>Falco peregrinus</i>	Todas as citas, agás das áreas nas que a especie se presente regularmente, das que interesan todas as confirmacións de cría.
<i>Alectoris rufa</i>	Todas as citas: rexistros imputables a <i>A. r. hispanica</i> .
<i>Perdix perdix</i>	Todas as citas.
<i>Coturnix coturnix</i>	Todas as citas: datos de presenza invernal.
<i>Rallus aquaticus</i>	Todas as citas: (1) poboacións non costeiras; (2) confirmacións de cría. Poboacións costeiras: censos ou observacións de interese.
<i>Porzana porzana</i>	Todas as citas.
<i>Porzana pusilla</i>	Todas as citas.
<i>Tetrax tetrax</i>	Todas as citas.
<i>Haematopus ostralegus</i>	Poboación nidificante e rexistros entre primeiros de xuño e finais de xullo: todas as citas. Para a poboación non nidificante, entre primeiros de agosto e finais de maio: censos ou observacións de interese.
<i>Himantopus himantopus</i>	Todas as citas.
<i>Recurvirostra avosetta</i>	Todas as citas.
<i>Burhinus oedichnemus</i>	Todas as citas.
<i>Charadrius dubius</i>	Todas as citas.

<i>Charadrius hiaticula</i>	Entre primeiros de xuño e finais de xullo: todas as citas. Entre primeiros de agosto e finais de maio: censos ou observacións de interese.
<i>Charadrius alexandrinus</i>	Todas as citas: (1) zonas de cría novas; (2) recolonizacións e extincións; (3) rexistros primaverais/estivais con sospeita de cría fóra da área de cría habitual. Dentro da súa área de distribución coñecida: censos ou observacións de interese.
<i>Vanellus vanellus</i>	Poboación nidificante e rexistros entre primeiros de abril e finais de agosto: todas as citas. Para a poboación non nidificante, entre primeiros de setembro e finais de marzo: censos ou observacións de interese.
<i>Calidris canutus</i>	Poboación invernante e rexistros entre primeiros de novembro e finais de febreiro: todas as citas. Entre primeiros de marzo e finais de outubro: censos ou observacións de interese.
<i>Calidris minuta</i>	Todas as citas.
<i>Calidris ferruginea</i>	Todas as citas.
<i>Calidris maritima</i>	Todas as citas.
<i>Philomachus pugnax</i>	Todas as citas.
<i>Lymnocyptes minimus</i>	Todas as citas.
<i>Gallinago gallinago</i>	Poboación nidificante e rexistros entre primeiros de maio e finais de xullo: todas as citas. Para a poboación non nidificante, entre primeiros de agosto e finais de abril: censos ou observacións de interese.
<i>Scolopax rusticola</i>	Todas as citas.
<i>Limosa limosa</i>	Entre primeiros de xuño e finais de xullo: todas as citas. Entre primeiros de agosto e finais de maio: censos ou observacións de interese.
<i>Numenius phaeopus</i>	Poboación invernante e rexistros entre primeiros de novembro e finais de febreiro: todas as citas. Entre primeiros de marzo e finais de outubro: censos ou observacións de interese.

<i>Numenius arquata</i>	Poboación nidificante e rexistros entre primeiros de xuño e finais de xullo: todas as citas. Para a poboación non nidificante, entre primeiros de agosto e finais de maio: censos ou observacións de interese.
<i>Tringa erythropus</i>	Todas as citas.
<i>Tringa ochropus</i>	Todas as citas.
<i>Tringa glareola</i>	Todas as citas.
<i>Actitis hypoleucos</i>	Poboación nidificante e rexistros no mes de xuño en hábitat axeitado para a reprodución: todas as citas. Para a poboación non nidificante, entre primeiros de xullo e finais de maio: censos ou observacións de interese.
<i>Phalaropus fulicarius</i>	Todas as citas.
<i>Stercorarius pomarinus</i>	En Estaca de Bares/cabo Ortegal: censos ou observacións de interese. Resto de Galicia: todas as citas.
<i>Stercorarius parasiticus</i>	En Estaca de Bares/cabo Ortegal: censos ou observacións de interese. Resto de Galicia: todas as citas.
<i>Stercorarius longicaudus</i>	Todas as citas.
<i>Stercorarius skua</i>	En Estaca de Bares/cabo Ortegal: censos ou observacións de interese. Resto de Galicia: todas as citas.
<i>Larus melanocephalus</i>	Nas principais zonas de concentración (ría de Vigo, A Coruña, Ares): censos ou observacións de interese. No resto de Galicia: todas as citas.
<i>Larus minutus</i>	En Estaca de Bares/cabo Ortegal: censos ou observacións de interese. Resto de Galicia: todas as citas.
<i>Larus sabini</i>	Todas as citas.
<i>Larus ridibundus</i>	Entre primeiros de maio e mediados de xuño: todas as citas. Entre mediados de xuño e finais de abril: censos ou observacións de interese.
<i>Larus delawarensis</i>	Todas as citas.
<i>Larus canus</i>	Todas as citas.

<i>Larus fuscus</i>	Todas as citas: (1) colonias novas ou recentes; (2) recolonizacións e extincións; (3) rexistros primaverais fóra da área de cría habitual; (4). hibridación con <i>L. michahellis</i> . Dentro da súa área de cría habitual e para a poboación non reprodutora: censos (incluídas aves en migración activa) ou observacións de interese.
<i>Larus argentatus</i>	Todas as citas.
<i>Larus michahellis</i>	Todas as citas: colonias novas ou recentes. Dentro da súa área de cría habitual e para a poboación non reprodutora: censos ou observacións de interese.
<i>Rissa tridactyla</i>	Todas as citas: (1) poboación reprodutora; (2) recolonizacións e extincións; (3) rexistros primaverais fóra da área de cría habitual. Dentro da súa área de cría habitual e para a poboación non reprodutora: censos (incluídas aves en migración activa) ou observacións de interese.
<i>Sterna paradisaea</i>	Todas as citas.
<i>Chlidonias hybrida</i>	Todas as citas.
<i>Uria aalge</i>	Todas as citas: (1) poboación reprodutora; (2) recolonizacións e extincións; (3) rexistros primaverais-estivais (primeiros de marzo-finais de agosto) fóra da área de cría habitual. Para a poboación non reprodutora: censos (incluídas aves en migración activa) ou observacións de interese.
<i>Alca torda</i>	Entre primeiros de abril e finais de setembro: todas as citas. Entre primeiros de outubro e finais de marzo: censos (incluídas aves en migración activa) ou observacións de interese.
<i>Fratercula arctica</i>	Entre primeiros de abril e finais de setembro: todas as citas. Entre primeiros de outubro e finais de marzo: censos (incluídas aves en migración activa) ou observacións de interese.
<i>Columba livia</i>	Formas silvestre e semidoméstica criando en hábitats naturais: todas as citas.
<i>Columba oenas</i>	Todas as citas.
<i>Clamator glandarius</i>	Todas as citas.
<i>Tyto alba</i>	Todas as confirmacións de cría.

<i>Otus scops</i>	Todas as citas: (1) observacións na metade norte de Galicia; (2) datos invernaís. No resto de Galicia: censos ou observacións de interese.
<i>Bubo bubo</i>	Todas as citas.
<i>Asio otus</i>	Todas as citas.
<i>Asio flammeus</i>	Todas as citas.
<i>Apus melba</i>	Todas as citas.
<i>Alcedo atthis</i>	Entre primeiros de abril e finais de xuño: todas as citas. Entre primeiros de xullo e finais de marzo: censos ou observacións de interese.
<i>Merops apiaster</i>	Todas as citas.
<i>Jynx torquilla</i>	Todas as citas.
<i>Dryocopus martius</i>	Todas as citas.
<i>Calandrella brachydactyla</i>	Todas as citas.
<i>Hirundo daurica</i>	Todas as citas.
<i>Anthus richardi</i>	Todas as citas.
<i>Anthus campestris</i>	Todas as citas.
<i>Prunella collaris</i>	Todas as citas.
<i>Luscinia svecica</i>	Todas as citas.
<i>Phoenicurus phoenicurus</i>	Todas as citas.
<i>Saxicola rubetra</i>	Todas as citas.
<i>Oenanthe hispanica</i>	Todas as citas.
<i>Monticola saxatilis</i>	Todas as citas.
<i>Monticola solitarius</i>	Todas as citas.
<i>Locustella naevia</i>	Todas as citas.
<i>Locustella luscinioides</i>	Todas as citas.
<i>Acrocephalus paludicola</i>	Todas as citas.
<i>Acrocephalus arundinaceus</i>	Todas as citas.
<i>Sylvia cantillans</i>	Todas as citas: rexistros fóra das súas zonas habituais de cría na provincia de Ourense. Dentro da súa área de distribución coñecida: censos ou observacións de interese.
<i>Phylloscopus bonelli</i>	Todas as citas: rexistros na fachada costeira entre primeiros de maio e finais de xullo. Dentro da súa área de distribución coñecida: censos ou observacións de interese.

<i>Phylloscopus collybita</i>	Entre primeiros de abril e finais de agosto: todas as citas. Entre primeiros de setembro e finais de marzo: censos ou observacións de interese.
<i>Phylloscopus trochilus</i>	Entre finais de maio e primeiros de xullo: todas as citas. Resto do ano: censos ou observacións de interese.
<i>Regulus regulus</i>	Todas as citas.
<i>Muscicapa striata</i>	Todas as citas.
<i>Parus palustris</i>	Todas as citas.
<i>Sitta europaea</i>	Na fachada costeira: todas as citas. Dentro da súa área de distribución coñecida: censos ou observacións de interese.
<i>Lanius meridionalis</i>	Todas as citas.
<i>Lanius senator</i>	Todas as citas
<i>Pyrhacorax pyrrhacorax</i>	Todas as citas.
<i>Corvus monedula</i>	Todas as citas, agás das áreas nas que a especie aínda sexa común, das que interesan todas as confirmacións de cría.
<i>Petronia petronia</i>	Todas as citas.
<i>Fringilla montifringilla</i>	Todas as citas.
<i>Loxia curvirostra</i>	Todas as citas.
<i>Plectrophenax nivalis</i>	Todas as citas.
<i>Emberiza hortulana</i>	Todas as citas.
<i>Emberiza schoeniclus</i>	Todas as citas.
